
SUPERVIVENCIA O SUICIDIO
Hacia el futuro de la humanidad
Armesto, F., Armesto, C.
Alianza-ensayo. 2004

Tino Armesto é ben coñecido dos socios de ENCIGA pola súa constante presenza nos nosos congresos e polas súas publicacións no noso Boletín con temas sobre a historia da ciencia.

Neste libro, en colaboración co seu irmán, se nos amosa na súa faceta de divulgador da ciencia; pero é un libro de ciencia e dirixido a científicos.

Os autores tratan de dar resposta ás eternas preguntas da humanidade; pero convencidos de que unha boa resposta se atopa logo de prantexar unha pregunta intelixente, os irmáns Armesto nos bombardean, ó longo do seu libro, con infinitas preguntas.

Na miña opinión o libro é máis un ensaio lúcido sobre o presente e o futuro da sociedade que un libro de divulgación científica ou de historia da ciencia.

Os autores artellan o seu libro sobre tres vectores/ preguntas: "Quen somos", contéstase cos capítulos sobre a evolución humana, parte da reprodución e o sexo; "Cómo facer para vivir máis" atópanse respostas nos capítulos sobre a alimentación e nos da reprodución e o sexo; "Cómo conseguir vivir mellor" respóndese con reflexións sobre as enfermidades e os medicamentos útiles para controlalas.

Tino e Paco Armesto non desbotan, neste traballo, a crítica social, mesmo nesta liña vai o título do libro "Supervivencia ou suicidio" e os comentarios sobre temas candentes de hoxe: Clonación, transxénicos, contaminación, manipulación xenética,, etc. O mesmo epílogo do libro da plenitude ó título prantexando unha pregunta de postín: ¿Seremos capaces de sobrevivir?

